

TEMA 1

O alfabeto e outros sistemas de escritura.

Os gregos sostiñan varias teorías sobre a orixe da escritura: a versión mítica atribuía esta invención a Prometeo. As outras versións máis difundidas son as da súa orixe exipcia (mantida entre outros por Platón) e a da súa orixe fenicia. Tamén había distintas teorías sobre cal fora a primeira lingua falada:



“Por certo que os exipcios, antes de que Psamético reinase sobre eles, considerábanse os homes máis antigos do mundo; pero dende que Psamético, ao ocupar o trono, quixo saber qué pobo era o máis antigo, dende aquela, consideran que os frixios son máis antigos ca eles e eles máis ca os demais. Resulta que Psamético, como non podía atopar, a pesares das súas pescudas, ningunha solución ao problema de quen eran os homes máis antigos, puxo en práctica a seguinte idea: entregou a un pastor dous nenos acabados de nacer, fillos das primeiras persoas que tiña a man, para que os levara aos seus curros e os criara con arranxo ao seguinte réxime de vida: ordenoulle que ninguén pronunciara palabra ningunha diante deles, que estivesen illados nunha chabola solitaria e que, a unha hora fixa, lles levara unhas cabras; e despois, unha vez saciados de leite, que cumprise as restantes ocupacións.*

Psamético puxo en práctica este plan e deu esas ordes porque quería escoitar cal era a primeira palabra que, ao botar a falar, pronunciasen os meniños, unha vez superada a etapa dos sons inintelixibles. E efectivamente, así sucederon as cousas. Dous anos levaba xa os pastor neste mester, cando, un día, ao abrir a porta e entrar na chabola, os dous nenos, botándose aos seus pés pronunciaron a palabra “becós”, ao tempo que estendían os seus brazos. Como é lóxico, a primeira vez que a oíu, o pastor non lle deu moita importancia, pero como, nas cotiás visitas para coidalos, esta palabra repetíase insistentemente, deu en informar ao seu amo e, por orde súa, conduciu os cativos á súa presenza. Entón, cando Psamético os escoitou persoalmente, púxose a pescudar que pobo daba a algún obxecto o nome de becós e, nas súas pescudas, descubriu que os frixios chamaban así ao pan. Polo tanto, e tirando as súas deducións deste feito, os exipcios conviñeron en que os frixios eran máis antigos ca eles. Que así sucedeu escoiteino da boca doa sacerdotes de Hefesto en Menfis”.

Heródoto
Historias II,2

*Frixia foi unha rexión que ocupaba a meirande parte da Península de Anatolia, no territorio que hoxe corresponde a Turquía.